



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 28 de outubro de 2020**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 21 de outubro de 2020.
2. Dáse conta das bases de subvencións a Concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2020, da Deputación de Pontevedra.
3. Dáse conta da autorización da Deputación de Pontevedra para o reinvestimento da baixa por importe de 48.917,63 euros con cargo ó Plan Concellos 2018-2019, con destino ó financiamento do investimento “Muro de sostemento en A Gorita (Loira)”, cun orzamento polo mesmo importe.
4. Concédese licenza de obras para cambio de uso de local comercial a vivenda na rúa da Estrada, nº 17, baixo 6, Marín.
5. Concédese licenza de obras de rehabilitación e supresión de barreiras arquitectónicas en Lugar de Pardavila, nº 57, Marín.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Acórdase o inicio do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, de servizos para a “Elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do municipio de Marín”. A presente actuación está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), cunha taxa de cofinanciamento do 80 %, dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014/2020, en cuxo eixo 12 se enmarca a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible (EDUSI) Marín 2020.
2. Concédese licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Soaxe, Seixo, Marín.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006142D0005V7A9N7U5V5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200398381
	BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 29/10/2020 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 29/10/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2020 16:42:22	Fecha: 29/10/2020 Hora: 16:42

